

SERAFÍN O DELFÍN

No océano Pacífico encóntrase Serafín, noso amigo o Delfín. Que estará facendo? Oh non, Serafín! Quedaches enganchado nunha rocha por culpa dunha rede! Tranquilo, non é o teu fin, Serafín. Mentres teñas aire...aínda tes tempo para escapar, pero deberás de ter coidado cos depredadores se non queres chegar ao teu fin, Serafín. Como estás preto das costas estadounidenses..., ten coidado! Serafín por ese punto está todo contaminado! Oh! Síntoo Serafín, paréceme que este é o teu fin.

Eh!! Pero se é o teu irmán Pirulín o delfín e vén, Serafín, con Elena a balea! Parece que estás salvado por fin, Serafín. Tras un rescate exitoso Serafín vaise deste conto co fin.

Víctor Peteiro e Felipe Iglesias 2º A ESO

A CONTAMINACIÓN

Érase unha vez, un neno chamado Mike que ía polo campo tomando unha cocacola. Ao rematala, o neno viu que non había ningunha papeleira preto, entón pensou: “Ben, paso de ir cargando coa lata todo o tempo, tíroa aquí sen que ninguén se entere”.

E acto seguido, tirou a cocacola e volveu cos seus pais. A súa nai preguntoulle:

- Fillo, queres que che tire a lata na papeleira?

E o neno respondeulle que non, que xa a tirou. A nai díxolle:

- Moi ben, pero xa sabes que nunca debes tirar a lata no campo, tardaría miles de anos en descompoñerse.

Pasaron miles de miles de anos, acababa de transcorrer a terceira guerra mundial, na que os robots gañaron. Estaban estes paseando pola terra e limpándoa cando encontraron unha lata de cocacola. Esa lata estaba de cor marrón, pero aínda non estaba descomposta de todo. Sabedes de quen era esa lata? Exacto, era a lata de Mike.

Por iso é tan importante reciclar, non sabemos o grave dano que podemos facer cunha simple lata!

Yaiza Blanco e Charlotte Freeman (2º A ESO)

A NEVEIRA NO CAMIÑO

Érase unha vez un neno que vivía ao lado do mar. Un día foi dar un paseo polos camiños e encontrou unha neveira no camiño e dixo:

- Que fai isto aquí?

Mirouna e continuou andando. Foi polas montañas, polos camiños ata que se fixo de noite e volveu á súa casa a durmir. Pola noite preguntouse que facía a neveira no camiño.

O día seguinte foi onde encontrou a neveira e viu un señor botando lixo ao lado da neveira. Eran moitísimas e o neno díxolle que non podía botar aquelas latas alí porque iso xa parecía un Punto Limpo.

Unhas semanas despois volveu por alí e xa había moito máis lixo. Non lle gustou nada e non volveu por alí.

Cando volveu aos sesenta anos, antes tiña catorce, cos seus fillos encontrou alí a neveira e as latas, oxidadas.

Isto fainos pensar que non debemos tirar as cousas no monte cando imos de acampada ou de merenda. Debemos collelo e tiralo no lixo.

PABLO HERRERO DÍAZ 2ºA ESO.

AZNAK E MARIANA

Un día a tartaruga Mariana ía paseando pola rúa Estrela de mar cando se atopou con Aznak, o peixe.

- Bo día, Aznak, atópaste ben?
- Ola, Mariana, pois creo que non. Non o ves? Quedei atoadado nun pedazo de plástico.
- Oh! Eu pódoche axudar.
- Gracias, Mariana.
- Ai! Quedeime atoadada tamén.

De súpeto escóitanse uns nenos entrando na auga.

- Mateo, imos mergullarnos?
- De acordo, Xoán. Por que non botamos unha carreira?
- Vouche gañar.

Os nenos comezan a nadar e Xoán nota algo no pé.

- Ei, ei! Teño algo no pé!
- Escusas!
- Non, é verdade, non me poden mover!
- A ver, xa vou.

Mentres, Aznak dille a Mariana:

- Mariana, teño o pé dun neno no lombo.
- Xa o vexo. Non te movas.

Mateo decide baixar para ver o ocorrido. Ao ver a Aznak e Mariana decide axudalos para que poidan nadar. Ao saír da auga comenta o sucedido aos familiares. Entre todos axudaron a limpar a praia para que non volvera suceder e así os peixes viviron sempre felices.

Claudia Sánchez e Mayling Hung 2ºA ESO

A CONTAMINACIÓN DO AIRE

Eran dous nenos que estaban xogando na súa casa antes de que o seu pai os fora a recoller para levarlos a onde el traballaba, unha refinería.

Cando chegaron á refinería o pai dos nenos empezou a explicarlles en que consistía o seu traballo e a mostrarlles os lugares do edificio. Despois dun rato o neno dixo:

- Canto fume.

O seu pai non lle deu importancia e seguiron a súa visita.

Na súa casa estaba a súa nai coa cea xa feita e puxéronse a cear pero cando estaban á metade un neno dixo:

- No traballo de papá contámínase moito.
- O fume é un gas que contamina o aire, como o fume dos coches, por iso é mellor ir nun transporte público, en bicis ou camiñando, para non contaminar o noso planeta – dixo a nai.

E así os nenos aprenderon a contaminar un pouco menos.

Carla Roca e Arturo Suárez (2º A ESO)

RECICLAXE

Sabedes que cada ano van ao mar moitísimas cantidades de lixo? Por iso contaremos este conto.

Unha nena calquera nunha cidade calquera vivía nunha familia na que todos os días tiraban o lixo sen separalo. Un día na escola díxéronlles que era moi importante reciclar.

Cando llega á casa o neno dille á nai:

- Mamá, por que non reciclas?
- Que é iso da reciclaxe? – preguntoulle a nai.
- É separar o lixo en papel e cartón, inorgánico, orgánico e vidro – respondeu o neno.
- É unha parvada! Non penso facelo – contestou a nai.
- Pero é bo para o medio ambiente – dixo o neno.
- Estás castigado! – enfadouse a nai.

Ao día seguinte o neno tivo unha idea brillante. Colleu unhas cantas caixas de cartón e púxolles os nomes. Entón a nai cando chega á cociña e ve todo o rebumbio anóxase moito.

- Meu neno, que fixeches.
- É para reciclar – respondeu o neno.
- Xa che dixen que non – dixo a nai.

Despois a nai vai dar un paseo e atopa un posto de información.

- Ola, boas tardes – saúdaa a dependenta.
- Ola, boas – responde a nai.
- Aquí ten información sobre a reciclaxe – dille a dependenta.
- Grazas – contéstalle a nai.

A nai le o folleto e marcha para a súa casa.

- Ola, mamá – saúdaa o neno.
- Tiñas razón, reciclaremos porque é importante – respóndelle a nai.

LUCÍA FERNÁNDEZ E PAULA MENG 2ºA ESO

MARES DE PLÁSTICO

María é unha nena de oito anos. Un día no colexio mandáronlle facer un traballo sobre o plástico que hai no mundo. Viu todas as imaxes dos mares de plástico nos océanos. Entón preocupouse moito e propuxo na súa clase que aproveitaran o plástico e o separaran nas súas casas con bolsas e tiralas nos seus correspondentes contedores. Pero a Xoán dáballe igual reciclar o plástico e tiraba o lixo onde lle daba a gana.

Un día María ensinoulle a Xoán unhas fotos dos mares de plástico e quedou abraiado. Entón prometeulle a María que ía reciclar o plástico.

María estaba moi contenta porque todos os compañeiros da súa clase reciclaban o plástico; a profesora díxolle que fixera moi ben e que se todas as persoas fixeran o mesmo o mundo sería mellor.

ADRIANA HIDALGO E IVÁN PÉREZ 2ºA ESO